

Filosofía e ética do cambio climático

Por Bernard Feltz

A humanidade está en débeda. Ano tras ano, consome máis recursos dos que a natureza pode proporcionar. Este consumo excesivo ten un efecto directo sobre o clima. Para comprender mellor a problemática en xogo, o biólogo e filósofo Bernard Feltz esclarece as complexas relacións entre o home e a natureza á vez que se centra nos aspectos éticos da xestión do cambio climático.



Minimum Monument, proxecto de arte efémera da artista brasileira Nêle Azevedo. Centos de figuritas de xeo derrétense debido á temperatura unha vez instaladas. São Paulo (Brasil), 2016.

O cambio climático é un dos grandes desafíos do noso tempo e afecta tanto á nosa vida cotiá como á orde xeopolítica mundial. É unha das dimensións dunha crise ecolóxica planetaria, consecuencia directa das complexas relacións entre os seres humanos e a natureza. Estes vínculos poden dividirse en **catro enfoques principais**.

O primeiro, o de Descartes, considera a natureza como un conxunto de obxectos postos ao dispor do ser humano. O filósofo do século XVII, contemporáneo de Galileo e considerado o gran precursor da modernidade, desenvolve o proxecto dunha ciencia da vida análoga á ciencia física emerxente. Defende a idea dunha “máquina animal”. O vivo non é máis que materia inerte organizada de xeito complexo. Só o ser humano ten unha alma substancial distinta do corpo, feito que o converte na única especie respectable. O resto da natureza, viva ou inerte, forma parte do mundo dos obxectos ao dispor da humanidade. Descartes non respecta o medio ambiente, considérao de xeito meramente utilitario e estima que é un recurso infinito do que o home pode tirar proveito sen complexos(...)

Outro enfoque, o da ecoloxía científica, achega unha perspectiva completamente diferente do mundo. En 1937, o botánico británico Arthur George Tansley propuxo o concepto de ecosistema, que revolucionaría a relación científica coa natureza. Este concepto remite a todas as interaccións das distintas especies viventes entre si, e de todos os organismos vivos coa contorna física: chan, aire, clima... Neste contexto, o home se redescubre a si mesmo como parte da natureza, como elemento do ecosistema. Ademais, ese ecosistema é un medio

ambiente finito, con poboacións limitadas de antemán tanto desde o comezo como en etapas posteriores da actividade humana.

Pero moitos pensadores consideran que o enfoque da ecoloxía científica é insuficiente. Os adeptos da ecoloxía profunda (*deep ecologists*), por exemplo, cren que o núcleo do problema no enfoque científico, incluído o ecolóxico, é o antropocentrismo. Defenden unha filosofía da totalidade que integra ao ser humano con todo o vivo no seu conxunto sen concederlle ningunha categoría especial. O respecto polo animal é análogo ao respecto polo humano.

O cuarto enfoque das relacións entre o home e a natureza intenta manter unha distancia prudente do radicalismo dos *deep ecologists*, subliñando á vez a pertinencia da crítica da ecoloxía científica. A natureza e o ser humano coexisten e se compenetran nun espazo vivo máis respectado. Un animal pode ser respectable sen que se lle conceda a mesma categoría que a un ser humano.

Unha especie viva, un ecosistema particular merecen respecto como logros notables da natureza, do mesmo xeito que unha obra de arte é un logro senlleiro do home. A dimensión estética dunha obra remite a unha dimensión fundamental da realidade, que unicamente o artista é capaz de revelar. Pero esa relación non significa que a obra que se respecta adquira categoría humana. Cabe establecer unha xerarquía de valores. O animal, algúns ecosistemas ou determinadas paisaxes alcanzan respectabilidade en virtude dunha modalidade dual: é o home quen decide respectalos e faio dunha forma que non equivale ao respecto que manifesta cara ao especificamente humano.

Na encrucillada da ciencia e a política

Como dimensión da crise ecolóxica, o cambio climático prepara o terreo para unha reflexión máis específica sobre a relación entre ciencia e política.

A ciencia ten unha gran responsabilidade na orixe do problema climático. Entramos no Antropoceno¹ en boa medida debido ao impresionante poder das novas tecnoloxías e ao seu uso indiscriminado por parte dos poderes económicos: por primeira vez na historia, a actividade humana está a modificar determinadas características medioambientais que afectan á humanidade no seu conxunto.

Pero a ciencia tamén nos fai conscientes dos problemas relacionados coa crise ecolóxica e desempeña un papel decisivo no desenvolvemento de perspectivas que poderían encamiñarnos cara a unha xestión racional da crise climática. A ciencia pode perdernos, pero tamén pode salvarnos. Integrado nunha concepción máis ampla da realidade, o enfoque científico segue sendo decisivo para atenuar o cambio climático.

Con todo, a democracia non é tecnocracia... En democracia, é o político quen toma as decisións. O sociólogo alemán Max Weber (1864-1920) distinguiu entre a esfera dos feitos e a esfera dos valores. Polo lado do coñecemento, o científico é un especialista en feitos, e incúmbelle analizar as situacións e propostas de diversas hipóteses compatibles coas limitacións ecolóxicas. Os políticos, pola súa banda, actúan de conformidade cos valores que

¹ Antropoceno: substantivo masculino. Episodio máis recente do período cuaternario no que as actividades humanas empezaron a provocar importantes e permanentes cambios biolóxicos e xeofísicos a escala mundial.

se comprometeron a defender. Nun sistema democrático, a súa lexitimidade derívase da súa elección. Elíxeselles precisamente para que escollan a opción que se axuste aos seus sistemas de valores. O cambio climático implica análises técnicas moi complexos que non sempre están en consonancia coas orientacións que os políticos seleccionaron.

Ética ambiental

Con todo, hai que recoñecer que entramos nunha transición cara a unha sociedade marcada decisivamente polos condicionamentos ecolóxicos. A participación de todos na súa propia vida cotiá, o traballo dos distintos axentes económicos nas súas respectivas actividades –desde as pequenas e medianas empresas ata os máis poderosos consorcios multinacionais– e a participación tanto dos organismos estatais como de entidades intermediarias –sindicatos, federacións empresariais, ONG, etc.–, son condicións esenciais para unha acción eficaz.

Porque a cuestión fundamental é o futuro da humanidade. O que nos empuxa a actuar é a comprensión de que o cambio climático incontrolado pode facer que a vida humana na Terra sexa moito máis difícil do que é, se non imposible. Coñecemos o “principio de responsabilidade” que o filósofo alemán Hans Jonas formulou a finais do decenio de 1970, pensando precisamente en cuestións ecolóxicas: “Actúa de xeito tal que os efectos dos teus actos sexan compatibles coa permanencia dunha vida autenticamente humana na Terra”. A partir de agora, trátase de concibir unha vida social contemporánea que inclúa a preocupación pola sustentabilidade do sistema a moi longo prazo, e que abarque ás xeracións futuras no ámbito das nosas responsabilidades.

Estas preocupacións ecolóxicas deben coexistir coas esixencias éticas contemporáneas, a saber, o respecto dos dereitos humanos e o trato igualitario para todas as persoas. Non todas as poboacións humanas son iguais ante o desafío climático. Paradoxalmente, os países máis pobres son a miúdo os máis afectados polo quecemento descontrolado do planeta. Por tanto, o respecto dos dereitos humanos debe conducir a un principio de solidariedade internacional que é o único capaz de garantir tanto a xestión global do cambio climático como medidas específicas para situacións particularmente complexas. O principio de responsabilidade cara ás xeracións futuras e o principio de solidariedade de todos os seres humanos entre si son esenciais para unha xestión equitativa da crise ecolóxica.

Cuestións sobre o texto

Cales son os catro enfoques principais sobre o vínculo entre o ser humano e a natureza? En que consisten?

--

Con cal deles estás máis de acordo? Por que?

Que exemplo propón o texto sobre a esfera dos feitos e a esfera dos valores?

Por que unha acción eficaz require a participación de todos, na túa opinión?

Por que deben coexistir as preocupacións ecolóxicas coas esixencias éticas contemporáneas?

Que dous principios menciona o texto como necesarios para unha xestión equitativa da crise ecolóxica? En que consisten?